

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 24.10.2025      Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de outubro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 27929 (12/PNC-002646)  
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia  
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen  
Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar en relación co Plan Camiña Rural  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 217f1, do 03.07.2025*
2. 30443 (12/PNC-002741)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis  
Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 239f1, do 21.08.2025*
3. 34070 (12/PNC-002956)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 16 máis  
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que cree unha nova base en Galicia das Brigadas de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260f1, do 25.09.2025*
4. 34583 (12/PNC-003014)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Vidal Lamas, Sonia e 3 máis  
Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para adaptar os territorios agrarios aos períodos de seca derivados do cambio climático  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 263f1, do 01.10.2025*
5. 35088 (12/PNC-003068)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis



Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia relacionadas coas axudas da PAC e coa autorización do pastoreo en zonas queimadas ás explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265fI, do 08.10.2025*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2025

María Encarnación Amigo Díaz  
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/10/2025 16:44:19



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 15/10/2025 16:49:48**  
**Nº Rexistro: 9961**  
Data envío: 15/10/2025 16:49:48,394

CSV: REXPG-XlPeSE80o-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 16:49:49



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 15/10/2025 16:49:48**  
**Nº Rexistro: 9961**  
Data envío: 15/10/2025 16:49:48,394

CSV: REXPG-xlPeSE80o-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

|                              |     |
|------------------------------|-----|
| Presidenta                   |     |
| María Encarnación Amigo Díaz | P   |
| Vicepresidente               |     |
| José Manuel Mato Díaz        | P   |
| Secretaria                   |     |
| Montserrat Valcárcel Armesto | BNG |

## Vogais

|                                    |     |
|------------------------------------|-----|
| Xosé Luís Bará Torres              | BNG |
| Enrique Barreiro Sánchez           | P   |
| Cristina Campero Dorado            | P   |
| Juan Manuel Casares Gándara        | P   |
| Secundino Fernández Fernández      | BNG |
| Ariadna Fernández González         | BNG |
| Nicole Grueira Fernández           | P   |
| Lara Méndez López                  | S   |
| Armando Ojea Bouzo                 | M   |
| Ángel Rodríguez Conde              | P   |
| María del Carmen Rodríguez Dacosta | S   |
| Cecilia Vázquez Suárez             | P   |
| Sonia Vidal Lamas                  | BNG |
| Miguel Ángel Viso Diéguez          | P   |

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 24.10.2025**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.      Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 24.10.2025**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 27929(12/PNC-002646)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as medidas que o Goberno galego debe tomar en relación  
co Plan Camiña Rural

*Publicación da iniciativa, 217f1, 03.07.2025*





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/06/2025 17:49:11  
**Nº Rexistro: 27929**  
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

Asinado o día 25/06/25  
17:43  
Por José Ramón Gón

### Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Camiña Rural impulsado pola Xunta de Galicia é unha iniciativa que busca mellorar a rede de camiños de titularidade municipal no rural galego. Contribúe a mellorar a calidade de vida da veciñanza, facilitar o acceso aos servizos básicos, apoiar a actividade agraria e favorecer o asentamento poboacional.

Asinado o día 25/06/2025 ás  
17:43  
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Porén, desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que os recursos destinados a este plan resultan claramente insuficientes para dar resposta ás necesidades reais dos concellos. A elevada demanda de actuacións e o contexto actual de incremento dos custos de materiais e execución de obras fan necesario reforzar o orzamento asignado ao programa.

Ademais, é imprescindible avanzar cara unha distribución máis equilibrada e transparente dos fondos, que teña en conta criterios obxectivos como a dispersión poboacional, o envellecemento demográfico ou a superficie rural dos municipios.

Asinado o día 25/06/2025 ás  
17:43  
Por Lara Méndez López

CSM-REVRG-Xc0zFNe7-9  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/06/2025 17:49:11**  
**Nº Rexistro: 27929**  
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

Por todo isto, e co obxectivo de reforzar o compromiso coa cohesión territorial e o desenvolvemento rural, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar de forma substancial o orzamento do Plan Camiña Rural para os anos 2025 e 2026, adaptándoo á demanda real dos concellos e ao incremento dos custos de execución de obras.
2. Revisar os criterios de distribución dos fondos para garantir unha asignación máis xusta e equilibrada, priorizando os concellos con maior dispersión poboacional, superficie rural e necesidades de accesibilidade.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño do 2025

CSV REXPG-Xx0zPNe7-9  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 25/06/2025 17:43:08

Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/06/2025 17:43:15

José Ramón Gómez Besteiro na data 25/06/2025 17:43:23



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/06/2025 17:49:11**  
**Nº Rexistro: 27929**  
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/06/2025 17:49:12



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/06/2025 17:49:11**  
**Nº Rexistro: 27929**  
Data envío: 25/06/2025 17:49:11.919

CSV REXPG-Xx0zFNe7-9  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 24.10.2025**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 30443(12/PNC-002741)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Goberno central para que adopte as medidas necesarias para defender os intereses do sector agrogandeiro na negociación do novo marco financeiro europeo

*Publicación da iniciativa, 239f1, 21.08.2025*

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

### Exposición de Motivos

O agro e toda a actividade vencellada ao sector agrícola e gandeiro constitúen un pilar esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cun amplo número de profesionais que traballan neste ámbito ata o punto de liderar, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha futuro máis sostible, innovador e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica, o encarecemento dos custos operativos, a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento e que estes contén cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe, fundamentalmente os fondos FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria) e FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) da Política Agrícola Común (PAC).

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do entorno do 20% nos fondos destinados ao agrícola e gandeiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións e das comunidades rurais que dependen directa ou indirectamente destas actividades. Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Asinado o día 05/08/2025 ás  
10:31  
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/08/2025 10:42:29  
**Nº Rexistro: 30443**  
Data envío: 05/08/2025 10:42:29.584

Ademais, a actual Política Agraria Común quedaría diluída nun fondo único, no que tamén entraría a pesca e as políticas de cohesión territorial. Desaparecerían ademais os dous piares actuais da PAC (axudas directas e desenvolvemento rural), que quedarían unificados nese mesmo fondo.

Convén lembrar que 20 Estados membros (dun total de 27), entre eles España, asinaron esta primavera unha carta na que lle pedían a Bruxelas manter a Política Agrícola Común como estratéxica, independente e autónoma, cunha boa dotación financeira, personalidade xurídica propia e separada do resto de políticas comunitarias

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea- adopte unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector agrogandeiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo, ademais de adoptar un compromiso claro en defensa e apoio a este sector no marco do seu plan nacional específico.

Cómpre salientar finalmente, que Galicia vén sendo un exemplo de xestión responsable e eficiente do financiamento destinado ás políticas de cohesión e de apoio ao medio rural. É de todo xeito inaceptable calquera pretendido recorte de fondos que, segundo os cálculos iniciais, suporá unha redución aproximada de 80 millóns de euros anuais para o rural galego, o que implica 480 millóns menos no período, deixando especialmente mermado o orzamento para o desenvolvemento rural. A PAC é un dos mecanismos máis importantes que se xestionan desde as comunidades autónomas e que permite garantir e manter a actividade dos gandeiros e agricultores. Ademais, sen este recurso de apoio directo ao sector, os prezos dos produtos agroalimentarios serían moito máis elevados e repercutiría de xeito negativo no consumidor.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

- 1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).
- 2º.- Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/08/2025 10:42:29**  
**Nº Rexistro: 30443**  
Data envío: 05/08/2025 10:42:29.584

Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sostible das zonas rurais.

3º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

4º.- Adoptar, facer explícito e exercer un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

5º.- Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector.”

Santiago de Compostela, 5 de agosto 2025.

CSV REXPO-TXFbqBZ-9  
Verificación  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/08/2025 10:31:07



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/08/2025 10:42:29**  
**Nº Rexistro: 30443**  
Data envío: 05/08/2025 10:42:29.584

CSV REXPO-TXFbqeBZ-9  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/08/2025 10:42:30



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/08/2025 10:42:29**  
**Nº Rexistro: 30443**  
Data envío: 05/08/2025 10:42:29.584

CSV REXPO-TXFbqeBZ-9  
Verificar  
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 24.10.2025**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 34070(12/PNC-002956)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao  
Goberno central co obxectivo de que cree unha nova base en  
Galicia das Brigadas de Reforzo en Incendios Forestais (BRIF)

*Publicación da iniciativa, 260f1, 25.09.2025*

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, Alberto Pazos Couñago e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, Miguel Viso Diéguez, Paula Prado del Rio, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Cecilia Vázquez Suárez, Argimiro Marnotes Fernández, Julio García Comesaña, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

## Exposición de Motivos

A vaga de incendios forestais que tivo lugar en Galicia en agosto de 2025 golpeou o noso territorio con especial intensidade e virulencia, o que requiriu un esforzo extraordinario en materia de extinción. Así, durante a campaña de máximo risco de incendios forestais o Goberno galego despregou o maior dispositivo da súa historia.

Aínda que as campañas recentes ofrecían unha tendencia positiva na loita contra os incendios forestais en Galicia, de feito, vimos de dous anos onde apenas houbo afectación en hectáreas (2.500 no 2024 e 6.700 no 2023), este verán sufrimos unha situación excepcional, con lumes de propagación moi rápida e difíciles de extinguir. Isto débese, en boa medida, ás condicións climáticas actuais, despois dunha primavera con moitas chuvias e meses de seca (especialmente na provincia de Ourense), ás que se lle sumou unha intensa actividade incendiaria: nos primeiros días de agosto extinguimos unha media de 30 lumes diarios.

Neste contexto, a distribución dos recursos de reforzo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), especialmente a localización das Bases da Brigada de Reforzo contra Incendios Forestais (BRIF), volve non reflectir a realidade destas situacións en España. Do total de dez bases en toda España, só unha está situada en Galicia, no concello de Laza, que presta servizo todo o ano.

Esta Brigada é a unidade especializada dependente do Goberno de España que actúa como reforzo das comunidades autónomas nos labores de extinción de incendios forestais. Son unidades helitransportadas de persoal altamente especializado na extinción e capaz de actuar en calquera punto do territorio. Ademais as BRIF complementan as tarefas de extinción con labores preventivos, dándolles así a estas brigadas un carácter integral e unha alta especialización.

Asinado o día 16/09/2025 ás  
17:45  
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/09/2025 17:46:36**  
**Nº Rexistro: 34070**  
Data envío: 16/09/2025 17:46:36.653

As dez bases actuais BRIF atópanse situadas en zonas de alto risco de incendio e/ou de elevada riqueza forestal. Ao mesmo tempo, búscanse localizacións estratéxicas desde as que se alcance, principalmente en helicóptero, pero tamén en vehículo, calquera punto do territorio nun prazo de tempo mínimo.

É máis que evidente que a proximidade dos medios que deben despregarse sobre o territorio fronte aos novos incendios é un factor cruce que favorece o tempo de resposta, e os propios traballos de extinción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a creación dunha nova Brigada de Reforzo contra Incendios Forestais (BRIF) con base en Galicia, para mellorar o dispositivo de prevención e loita conxunta contra os lumes e poñer fin á situación de discriminación que se produce coa actual distribución das bases polo territorio.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2025



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/09/2025 17:45:48



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/09/2025 17:46:36**  
**Nº Rexistro: 34070**  
Data envío: 16/09/2025 17:46:36.653

CSV REXPO-wgK8B/Ce-3  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/09/2025 17:46:37



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/09/2025 17:46:36**  
**Nº Rexistro: 34070**  
Data envío: 16/09/2025 17:46:36.653

**CSV REXISTRO**  
**Verificación**  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 24.10.2025**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 34583(12/PNC-003014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e 3 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para adaptar os territorios agrarios aos períodos de seca derivados do cambio climático

*Publicación da iniciativa, 263f1, 01.10.2025*





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/09/2025 12:55:43  
Nº Rexistro: 34583  
Data envío: 23/09/2025 12:55:43.141

Asinado o día 23/09/2025 ás 12:52  
Por Montserrat Valcárcel

Asinado o día 23/09/2025 ás 12:52  
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 23/09/2025 ás 12:52  
Por Sonia Vidal Lamas

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a adaptación da produción agraria galega á crise climática e a situación de seca prolongada.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seca extrema que se prolonga durante este 2025 en Galiza ten provocado un impacto severo sobre a produción agraria e a sustentabilidade do territorio. O rural galego está a vivir un proceso acelerado de degradación produtiva, especialmente visible nas comarcas de maior intensidade agrícola, como a Limia, o Deza, a Terra Chá ou o Ribeiro.

As precipitacións foron practicamente inexistentes entre maio e setembro en moitas zonas, e os episodios de calor extremo puxeron en risco a viabilidade de numerosos cultivos, entre eles as patacas, o millo, as leguminosas, os viñedos e a produción apícola. Moitas explotacións víronse obrigadas a multiplicar os regos, incrementando os custos de produción e esgotando os recursos dispoñibles, sen que exista unha planificación pública da auga para uso agrícola.

A situación non colle por sorpresa a ningún: xa estaba advertida polos propios sectores produtivos, por entidades técnicas e mesmo recollida en documentos como o Plan Estratéxico da Limia, que identificaba de forma precisa os problemas de solo, regadío, organización produtiva e vulnerabilidade climática. Porén, a maior parte das



GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/09/2025 12:55:43**  
**Nº Rexistro: 34583**  
Data envío: 23/09/2025 12:55:43.141

medidas dese plan permanecen sen execución, mentres a realidade se volve cada vez máis difícil de soste.

Na recente feira Alimiagro 2025, as intervencións técnicas e labregas coincidiron nun punto clave: non é posible manter a produción alimentaria galega sen unha adaptación real, práctica e urxente ao cambio climático. Esa adaptación require sistemas de rego eficientes, infraestruturas colectivas, formación práctica, innovación accesible, organización comarcal dos recursos e presenza técnica continuada no territorio.

A Xunta de Galiza, e en particular a Consellería do Medio Rural, ten as competencias e os medios para actuar. Non é necesario agardar por modificacións normativas nin depender exclusivamente de fondos europeos ou medidas alleas. O que fai falla é vontade política, decisión executiva e aposta estratéxica pola produción alimentaria como eixo de soberanía, economía e futuro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Instalar puntos públicos de carga de auga para uso agrario en cada comarca con alta concentración de produción agrícola.
2. Activar un servizo técnico móbil da Consellería con presenza quincenal en cada concello da Limia, dotado de persoal especializado en regadío, planificación de cultivos e xestión do solo, con atención presencial en locais municipais previamente acordados.
3. Convocar unha liña de financiamento para sistemas de rego por goteo ou microaspersión, dirixida a pequenas explotacións, cun procedemento simplificado e execución directa, antes de xuño de 2026.





GRUPO PARLAMENTARIO  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela, Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/09/2025 12:55:43**  
**Nº Rexistro: 34583**  
Data envío: 23/09/2025 12:55:43.141

4. Publicar un mapa dixital interactivo de recursos hídricos agrarios por comarca, elaborado pola Consellería en colaboración cos concellos e universidades.

5. Incorporar obrigatoriamente nos cursos de formación da Consellería un módulo práctico sobre regadío eficiente e adaptación climática, cun mínimo de 12 horas.

6. Crear un banco público de materiais para rego eficiente (tubaxes, cabezais, válvulas, sondas) xestionado polas oficinas agrarias comarcais e dispoñible para alugueiro temporal por parte de explotacións pequenas e medianas.

7. Habilitar un servizo móbil de asesoramento técnico en regadío e manexo da auga, con itinerancia mensual polos principais concellos agrícolas de cada provincia.

8. Publicar antes de final de ano o grao de execución do Plan Estratéxico da Limia, mediante informe público accesible na web institucional e remitido ao Parlamento”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-T:6GKISWE-2

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 23/09/2025 12:52:29

Ariadna Fernández González na data 23/09/2025 12:52:47

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/09/2025 12:52:54

Secundino Fernández Fernández na data 23/09/2025 12:53:02

Luis Bará Torres na data 23/09/2025 12:53:09



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/09/2025 12:55:43**  
**Nº Rexistro: 34583**  
Data envío: 23/09/2025 12:55:43.141

CSV REXPO-T:6GKISWE-2  
Votación  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/09/2025 12:55:43



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/09/2025 12:55:43**  
**Nº Rexistro: 34583**  
Data envío: 23/09/2025 12:55:43.141



CSV REXPO-T46GKISWE-2  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 24.10.2025**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 35088(12/PNC-003068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia relacionadas coas axudas da PAC e coa autorización do pastoreo en zonas queimadas ás explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes

*Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/09/2025 10:23:00  
**Nº Rexistro: 35088**  
Data envío: 30/09/2025 10:23:00,280

Asinado o día 30/09/25  
10:20  
Por Ariadna Fernández

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as axudas da PAC e o pastoreo en terreos queimados das explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste verán, sobre todo no mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios máis grandes da historia deste país. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza e de ineptitude do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas en Galiza.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Os problemas causados por esta vaga de lumes as explotacións agrogandeiras afectadas son múltiples e variados, o que lles fai perigar a súa subsistencia. As mulleres e homes que teñen explotacións agrarias nas zonas afectadas afrontan as graves consecuencias que fan perigar a viabilidade desta actividade tan necesaria para o mantemento e supervivencia da poboación nas comarcas afectadas.

Asinado o día 30/09/2025 ás  
10:20  
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 30/09/2025 ás 10:20  
Por Secundino Fernández  
Fernández

Dentro destes problemas temos a posibilidade pastoreo nas zonas queimadas; que segundo a lexislación vixente quedaría prohibido. Esta medida faría imposíbel a permanencia das explotacións de gando extensivo nas zonas afectadas.

Outra actuación que implica un grave perigo para a viabilidade económica das explotacións agropecuarias é a imposibilidade de cobrar axudas da PAC, tanto das financiadas polo FEAGA como polo FEADER con cofinanciación da Xunta e o estado, polas superficies queimadas. Esta situación das superficies arrasadas polos lumes en relación as axudas financiadas ou cofinanciadas pola UE incluso podería obrigar a devolución de cantidades por que os terreos foron arrasados polo lume. O mesmo pasa cos titulares de montes que recibiron axudas no tocante a forestación

Para o BNG nestes momento é imprescindible asegurar o futuro das explotacións agrarias e por suposto que as mulleres e homes que desenvolven a actividade agrogandeira e forestal non se vexan prexudicadas por unha vaga de lumes que arrasou as súas explotacións ou montes

Dende o BNG pensamos que a Xunta de Galiza ten que por todos os medios para que o sector agrogandeiro e forestal siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leven a abandonar as zonas queimadas

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





1. Permitir ás explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes do 2025 que de forma excepcional poidan pastorear nos terreos queimados.
2. Arbitrar as medidas necesarias para que todas as explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes do 2025 poidan seguir cobrando as axudas da PAC e de desenvolvemento rural polas terras afectadas pola vaga de lumes.
3. Adoptar as medidas necesarias para que todas as explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes do 2025 non sufran penalizacións nin reclamacións de devolucións de axudas xa recibidas anteriormente polas terras afectadas polos lumes.
4. Impulsar as medidas necesarias para que todos os propietarios forestais que recibiron axudas de ámbito forestal por terras afectadas pola vaga de lumes do 2025 non sufran penalizacións nin reclamacións de devolucións destas axudas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 30/09/2025 10:20:08

Sonia Vidal Lamas na data 30/09/2025 10:20:15

Ariadna Fernández González na data 30/09/2025 10:20:23

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/09/2025 10:20:29

Luis Bará Torres na data 30/09/2025 10:20:38



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/09/2025 10:23:00**  
**Nº Rexistro: 35088**  
Data envío: 30/09/2025 10:23:00.280

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA  
Verificación:  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/09/2025 10:23:01



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/09/2025 10:23:00**  
**Nº Rexistro: 35088**  
Data envío: 30/09/2025 10:23:00.280



**CSV REXISTRO-IGALAX-DNI-7**  
**Verificación**  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

